

ÁREA SANITARIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

No ámbito territorial, esta área sanitaria xestiona todos os servizos sanitarios de atención primaria, especializada e sociosanitaria dos seguintes concellos: Ames, Arzúa, A Baña, Boimorto, Boiro, Boqueixón, Brión, Carnota, Dodro, Dozón, A Estrada, Frades, Agolada, Lalín, Lousame, Mazaricos, Melide, Mesía, Muros, Negreira, Noia, Ordes, Oroso, Outes, Padrón, O Pino, Pontecesures, Porto do Son, A Pobra do Caramiñal, Rianxo, Ribeira, Rois, Rodeiro, Santa Comba, Santiago, Santiso, Silleda, Teo, Toques, Tordoia, Touro, Trazo, Val do Dubra, Valga, Vedra e Vila de Cruces.

En total, ten unha poboación protexida de 446 808 habitantes, dos que 53 092 son as persoas menores de idade entre 0 e 14 anos, un 11,88 % da poboación protexida, e 107 797 teñen máis de 64 anos que representan un 24,13 % da poboación protexida.

Para o desenvolvemento da súa actividade asistencial a Área Sanitaria de Santiago de Compostela conta co **Complejo Hospitalario Universitario de Santiago-CHUS**, integrado polo Hospital Clínico Universitario de Santiago, o Hospital Psiquiátrico de Conxo, o Hospital Gil Casares e o Hospital Médico Cirúrxico de Conxo, e co Hospital da Barbanza, ademais de centros de saúde, consultorios e puntos de atención continuada.

Actualmente non hai desenvolto un plan de humanización propio, pero xa se están levando a cabo varios proxectos en todos os ámbitos de actuación, a continuación recóllense os máis destacados:

PERSONALIZACIÓN E ADAPTACIÓN DE ESPAZOS:

ÁREAS DE PEDIATRÍA

DESEÑO DE ÁREAS CON MOTIVOS INFANTÍS. As salas de espera de Urxencias, Extraccións e Medicina Nuclear do Hospital Clínico están decorados con murais con motivos infantís e material de xogos que facilita o entretemento e fan máis agradable e amena a espera. E na sala de espera da planta de Pediatría, coa colaboración da Fundación Andrea, os artistas Marthazul e Augusto Metztlí, realizaron un mural de 50 metros cadrados "Historia dunha gota de auga", que pretende levar a imaxinación das persoas menores de idade a unha paisaxe de conto. Na mesma liña, tamén a cargo da Fundación Andrea, decoráronse áreas pediátricas do Hospital do Barbanza e instalouse unha sala de recreo para nenos ingresados, esta última coa colaboración da Fundación Andrea e persoal do Centro.

ÁREAS DE PEDIATRÍA

PARQUE ANDREA. UN MAR DE XOGOS. Na terraza da primeira planta de Hospitalización de Pediatría do Hospital Clínico instalouse un parque infantil ao aire libre, sendo o primeiro destas características en Galicia e o terceiro a nivel nacional. Doado pola Fundación Andrea, o parque está decorado con motivos que evocan as vacacións de verán, como animais mariños e un barco pasadizo, e está dotado de xogos estáticos e balancines. Este espazo conta tamén cunha zona de pérgolas e mesas de exterior para disfrute dos nenos ingresados e as súas familias.



HUMANIZACIÓN DA ÁREA DE ESPERA DE UCI INFANTIL E DE NEONATOS. Redeseño da área de espera da UCI Pediátrica e da área de espera da UCI de Neonatos do Hospital Clínico co fin de convertelas en “salas de estar” que ofrezan un maior confort e facer así máis levadías as horas de espera para familias. Para iso, engadíronse ademais elementos como armarios que engaden funcionalidade ao espazo.

CREACIÓN ESPAZO PLAY ZONE. Coa colaboración dunha empresa farmacéutica, habilitouse un espazo na sala de espera de consultas pediátricas baixo o nome de "Play Zone", cuxo obxectivo é crear unhas contornas hospitalarias máis amables e acolledoras para as persoas menores de idade, sobre todo para aqueles que polo seu diagnóstico, como a diabetes, teñen que acudir a miúdo ás consultas. A “Play Zone” inclúe xogos, mesas e cadeiras para que os pequenos se entretexan e pinten, e zonas de lectura con contos educativos como os protagonizados pola moniña Coco, o primeiro personaxe Disney con diabetes.

NEUROLOXÍA


ADAPTACIÓN DA SALA DE HOSPITALIZACIÓN. En 2013, o Dr. Miguel Blanco do Servizo de Neuroloxía, promoveu o proxecto de converter a sala de espera nun espazo amable de recuperación. Deseñouse así un proxecto funcional e dotouse a sala con sofás que ofrecen un ambiente alegre e comfortable, que favorecen a relación con outras persoas doentes e familias e facilitan a intimidade das conversacións, mesas deseñadas de forma especial para persoas doentes con discapacidade, con aproveitamento de luz natural e instaláronse biombos de separación que ofrecen intimidade e lle permite a vixilancia ao persoal de enfermería. Ademais dotouse o espazo con medios e material terapéutico e de orientación.



ÁREAS COMÚNS/ XERAL

BAÑOS PARA PERSOAS DOENTES OSTOMIZADAS. Actualmente no complexo hospitalario hai instalado un aseo adaptado a persoas doentes ostomizadas, en concreto no Hospital Clínico, como parte do plan do Sergas de implantar en todas as áreas sanitarias este tipo de unidades adaptadas. O modelo de aseo é similar ao prototipo deseñado no Complexo Hospitalario de Pontevedra que foi o impulsor desta iniciativa.

SALAS DE LACTACIÓN MATERNA. O complexo hospitalario conta con dous espazos de este tipo destinados a favorecer a alimentación natural do menor lactante, no marco da “Iniciativa para a Humanización da Asistencia ao Nacemento e Lactación” (IHAN) que promoven a OMS e UNICEF. A encargada da decoración e dotación de mobiliario e tecnoloxía de ámbalas dúas salas, foi a Fundación Andrea. Nesta sala realízanse todos os días un taller práctico ás nais cos seus bebés co obxectivo de mellorar o manexo nos primeiros días de lactación e nos posteriores. Búscase principalmente apoiar ás familias con consellos prácticos e útiles para que logren unha lactación materna exclusiva e adecuada. Ditas salas permiten tamén extraer de forma optimizada leite humano daquelas nais que, principalmente nos primeiros días, precisan apoio para conseguir unha óptima lactación materna. Tamén está en proceso de habilitación outro espazo dedicado á lactación materna no Hospital do Barbanza.



INICIATIVAS E FERRAMENTAS INFORMATIVAS:

ÁREAS DE PEDIATRÍA

SINALIZACIÓN CON PICTOGRAMAS. Sinalización en Consultas Externas, Urgencias, a Escola de Pediatría e na Unidade de Psiquiatría Infanto-Xuvenil, por medio de pictogramas de ARASAAC e coa colaboración da Federación de Autismo de Galicia, co obxectivo de facilitar o acceso á información das persoas doentes con Trastorno do Espectro Autista (TEA) a través de pictogramas.

PROXECTO “LEMBRA”. Implantación na área cirúrxica dun sistema de avisos, vía SMS, ás familias de persoas doentes do fin da cirurxía, co fin de evitar aglomeracións nas salas de espera e reducir así o nivel de ansiedade das persoas acompañantes de persoas doentes. No caso de que a intervención sexa longa, o equipo cirúrxico pode enviar tamén outra mensaxe advertindo ás persoas acompañantes de que a cirurxía segue o seu curso para tranquilizalos. Ademais de implantarse no CHUS acaba de implantarse no Hospital do Barbanza.



ÁREAS
COMÚNS/
XERAL

IMPLANTACIÓN DO SISTEMA “QUENDA”. Trátase da plataforma Quenda Medic, que apoia o persoal de servizos de obtención de cita, recepción, asignación de quendas de atención e acceso das persoas usuarias aos servizos de saúde que necesiten, permitindo obviar trámites administrativos á vez que reduce o tempo de espera nas salas. As pantallas da plataforma difunden contidos dixitais que, ademais de facilitar a circulación de persoas doentes de consultas externas, promoven hábitos de vida saudable, ou calquera tipo de información sobre saúde.

SINALIZACIÓN ESPECÍFICA PARA PERSOAS DOENTES CON TEA. Dentro do Programa de mellora da atención sanitaria a persoas con Trastorno do Espectro do Autismo (TEA) levado a cabo pola Federación Autismo Galicia en coordinación coa Xerencia de Xestión Integrada de Santiago de Compostela a través da súa Subdirección de Calidade e Atención á Cidadanía. Trátase da implantación de pictogramas, xa son máis de 1 000, orientados a que as persoas autistas poidan prever de antemán que teñen que facer, axudándolles a saber onde dirixirse e dándolles así tranquilidade ás persoas autistas e ás súas familias. Ademais, cada vez que van ter unha cita envíaselles ao seu domicilio unha folla con pictogramas que axuda a anticiparlles na súa propia linguaxe a secuencia do que lles vai suceder ao día seguinte para que vaian tranquilos a pesar do seu cambio de rutina. Están instalados tanto nos servizos de Consultas Externas, Urgencias e Hospitalización dos Centros hospitalarios, como en centros de atención primaria da área sanitaria.

ACTIVIDADES DE MOTIVACIÓN E DE ATENCIÓN EMOCIONAL:

ÁREAS DE PEDIATRÍA

UCI ABERTA. Permítese que as persoas menores de idade ingresadas estean acompañadas polos seus pais as 24 horas do día, evitando así que tanto as persoas menores de idade como os seus pais teñan que pasar polo estrés da separación. Como mención especial, indicar que o Servizo de Neonatoloxía do Hospital Clínico Universitario de Santiago foi un dos galardoados na primeira edición dos premios nacionais Hospital Optimista, que valoran "aquelas iniciativas ou prácticas positivas que contribúen a xerar unha contorna máis saudable para a persoa doente e a súa familia".

ACOMPANÑAMENTO PREINTERVENCIÓN. En caso dunha cirurxía, os pais poden acompañar o menor na sedación previa, xa non en quirófano, e desde o momento no que saen da intervención.

PROGRAMA DE ACTIVIDADES LÚDICAS E DE ANIMACIÓN. Coa colaboración de varias asociacións como Asanog, Fundación Andrea, Cruz Vermella, Fundación María José Jove, Fundación Theodora, persoas voluntarias da Universidade de Santiago entre outras, ademais de empresas privadas. Son espectáculos e actividades moi variadas como maxia, pallasos, globoflexia, contacontos, espectáculos de música e danza, teatro, talleres de traballos manuais, festas en datas sinaladas, talleres de musicoterapia, pintura, talleres de expresión vocal, visitas de personalidades, famosos, deportistas, Reis Magos, etc.



PROYECCIÓN DE PELÍCULAS DE CINE. O Hospital Clínico de Santiago dispón dunha sala multiusos onde se proxectan películas de cinema, que permiten facer máis levadías as horas no hospital.

BOOKCROSSING. Biblioteca ambulante con préstamo de libros ás persoas menores de idade ingresadas co obxectivo de animalas a que gocen da lectura durante a súa estancia no hospital. Tamén dispoñen de biblioteca fixa.

PRÉSTAMO DE DISPOSITIVOS MULTIMEDIA. Préstamo de ordenadores, tabletas e outro tipo de aparatos electrónicos nas habitacións de persoas doentes, así como apoio loxístico con material académico e lúdico.

ÁREAS DE PEDIATRÍA

TALLERES INFORMATIVOS. Destinados a pais e familias de persoas menores de idade oncolóxicos, co obxectivo de que dispoñan de atención psicolóxica en todas as fases da enfermidade. Son espazos participativos, nos que interveñen tanto pais de novo ingreso, como pais inmersos en pleno proceso, e outros que xa se atopan en fase de seguimento, prestándolles así a oportunidade de compartir experiencias e sentimentos.



NEUROLOXÍA

ACTIVIDADES DE ACOMPAÑAMENTO TERAPÉUTICO. Realizadas por persoas voluntarias pertencentes á Universidade de Santiago de Compostela na área de hospitalización, inclúen tarefas como: acompañamento da persoa doente válido e non válido con actividades de animación e entretemento para facilitar a estancia do enfermo no hospital e a distracción con actividades de lecer; apoio emocional ao enfermo e á súa familia para facilitar a expresión de emocións asociadas co diagnóstico e o proceso da enfermidade; trámites burocráticos como pago de recibos e trámites dentro do propio centro como solicitude de probas noutros servizos; compras de artigos que lles fagan falta na súa estadía no hospital; suplencia da persoa coidadora principal para facilitar o seu descanso físico e emocional etc. Como mención especial, indicar que a USC destaca como o segundo centro universitario en España con maior número de iniciativas de voluntariado, un total de 160 programas nos que colaboran 2 668 alumnos das ramas de Ciencias Sociais e Xurídicas e Ciencias da Saúde, principalmente.

PROGRAMA DE DANO CEREBRAL ADQUIRIDO. En colaboración con FEDAGACE, está destinado a familias de persoas con dano cerebral adquirido, co obxectivo de facilitar información, orientación e apoio sobre aspectos relacionados coa discapacidade, o seu tratamento, os recursos dispoñibles e como actuar nas distintas fases do DCA.

HOSPITALIZACIÓN


GUÍA DE ACOLLIDA DA PERSOA DOENTE INGRESADA. Guía elaborada para facilitar a estancia das persoas doentes no hospital, con indicacións que axudan á persoa doente nos distintos procesos, como trámites administrativos, documentos necesarios para o ingreso, normas de hixiene, horarios do servizo, normas do centro ou dereitos e deberes da persoa doente.

MENÚ NAVIDEÑO PERSOAS ACOMPAÑANTES. As familias das persoas doentes ingresadas nos centros hospitalarios de toda a área sanitaria tamén poden gozar dos menús tradicionais do Nadal que se lles serven ás persoas doentes.

ONCOLOXÍA

PROGRAMA “PONTE GUAPA, TE SENTIRÁS MEJOR”. O Complexo Hospitalario de Santiago foi o primeiro hospital galego en sumarse á rede de centros adheridos a este programa da fundación STANPA. Trátase dun programa destinado a axudar a persoas doentes con cancro a recuperar a súa imaxe posiblemente alterada polos efectos secundarios do tratamento, mediante talleres de beleza impartidos por profesionais de estética persoas voluntarias e persoal sanitario en colaboración coa AECC. Esta iniciativa trata de ser un instrumento de apoio para manter a autoestima, a confianza e a forza necesaria para enfrontarse á enfermidade.

PROXECTO CARRIÑO AMABLE OU SOLIDARIO. Implantación na área de Oncoloxía coa colaboración da Asociación Española contra o Cancro. O carriño leva bebidas e alimentos (previamente autorizados), revistas e incluso pasatempos. O carriño é, en realidade, unha escusa para poder achegarse ao enfermo e as súas persoas acompañantes, falar con eles, escoitalos, coñecer as súas dúbidas e preocupacións, facerlles máis levadía a espera.



CARDIOLOXÍA

PROXECTO “PERSOA DOENTE EXPERTA”. O Servizo de Cardiología do CHUS conta con máis de 30 persoas doentes expertas. Son persoas que sufriron un infarto ou algún outro problema cardíaco grave e, tras superalo con éxito, axúdanlles a outras para evitar que lles pase o mesmo ou a que non recaian.

REUMATOLOGÍA

INICIATIVAS DE HUMANIZACIÓN. Habilítuse unha dirección de correo (unidadreumatologiapediatrica.reumatologia.santiago@sergas.es) onde poden dirixirse os pais de nenos con enfermidade reumática para contar os seus problemas, resolver dúbidas, etc no día a día, facendo que sentan próximos ao médico dos seus fillos. Tamén se organizan charlas trimestrais en forma de escola de Saúde para os pacientes de Reumatología e coordinadas polas asociacións de pacientes e ACIS.

NEFROLOGÍA

CONVENIOS DE COLABORACIÓN. Trátase de distintos convenios coa Federación ALCER, co obxectivo de facilitar apoio psicolóxico, social, dietético e laboral aos pacientes con Enfermidade Renal Crónica.

ÁREA DE PERSOAL SANITARIO:

ÁREAS COMÚNS/ XERAL

GUÍA DE ACOLLIDA DE RESIDENTES. Manual de acollida para o novo persoal das distintas unidades docentes da área sanitaria, elaborado para unha mellor adaptación profesional da persoa ao posto de traballo e aos procedementos no menor tempo posible e para a súa integración na organización. No Plan de acollida ofrécese a información necesaria á persoa traballadora para que coñeza o contexto da organización.

DISPOÑIBILIDADE DE BIBLIOTECA PARA PERSOAL SANITARIO. Atópase na planta quinta do centro e ocupa máis de catrocentos metros cadrados. A biblioteca dispón de monografías e publicacións periódicas, que suman dous mil libros e máis de duasetentas revistas, a metade correspondentes a subscricións realizadas polo complexo en liña e en papel, e a outra parte en papel, que cedeu a Facultade de Medicina da Universidade de Santiago. Dado que o persoal sanitario traballa a quendas o centro bibliográfico ten un horario continuo, entre as oito da mañá ata as nove e media da noite.

FORMACIÓN EN HUMANIZACIÓN. Cursos de formación a persoal sanitario do Hospital do Barbanza de manexo de coidados no dó e na morte xestacional tardía.

ATENCIÓN AO PERSOAL XUBILADO. Acto de homenaxe e despedida ao persoal xubilado da área sanitaria.

ESCOLAS DE EDUCACIÓN INFANTIL. Tanto o Hospital Clínico como o Hospital do Barbanza, dispoñen de escola de educación infantil, cun horario ampliado para adaptarse ás quendas do persoal e mellorar a súa conciliación familiar e laboral.



RESPONSABILIDADE SOCIAL CORPORATIVA:

ÁREAS COMÚNS/ XERAL

CICLOS DE CHARLAS SAUDABLES. Serie de conferencias organizadas por *La Voz de Galicia* en colaboración con persoal dos centros da área sanitaria, para poñer en contacto directo ao persoal dos centros da sanidade pública de Santiago ca veciñanza. Trátase de promover hábitos de vida máis saudables, así como un mellor coñecemento de todo tipo de cuestións relacionadas coa saúde, o seu mantemento e a súa recuperación. Así, trátanse temas como “O ictus e as demencias: primeiro reto para a medicina do século XXI”, “Enfermidades raras, un reto sanitario e social”, “Obesidade en España e Galicia. Prevención e tratamento”, “A alimentación nos primeiros mil días” etc.

ESPAZO PARA AS ASOCIACIÓNS DE PERSOAS

DOENTES. As asociacións de persoas doentes da área compostelá contan cun local nas instalacións da área sanitaria para o seu uso compartido. Este espazo é un lugar orientado a promover a comunicación directa entre as persoas doentes e as asociacións de persoas doentes, para facilitar as funcións das asociacións de persoas doentes relativas a información, asesoramento, orientación e captación de interesados, promover a interacción entre as asociacións e os centros sanitarios na actividade diaria e crear un entorno de coñecemento mutuo entre as asociacións, o persoal sanitario e a propia Xerencia. No espazo, de 65 m², prímase a versatilidade, e incorpora a posibilidade de realizar reunións, charlas formativas grupais, así como a atención individualizada no despacho habilitado para ese uso. Tamén incorpora un punto de consulta para o paciente, onde poderá acceder á información da rede. Indicar que este espazo comezou a funcionar no ano 2015 e é o primeiro espazo asociativo nun hospital público galego. Durante este tempo foi empregado por moitas das 29 asociacións que compoñen o consello asesor da área sanitaria de Santiago e Barbanza (onde tamén existe un espazo para asociacións de pacientes dende abril deste ano). Rexistrou actividade diaria e moitas das asociacións manteñen un calendario de uso periódico para atender aos seus usuarios na propia contorna hospitalaria.



BANCO DE LEITE MATERNA. O primeiro banco do Servizo Galego de Saúde está situado no Hospital Clínico, e desde a súa implantación no ano 2016, facilitou a alimentación de 116 neonatos, con leite solidariamente doado por 110 mulleres. O banco de leite materno da Área Sanitaria compostelá foi o primeiro de España certificado pola Norma UNE 179003 de xestión de riscos para a seguridade de persoas doentes, que certifica que todo o proceso de tratamento do banco de leite humano doado do complexo leva a cabo cos máis altos estándares de calidade e seguridade. Ademais da recolección, procesamento, control de calidade e dispensa do leite a menores lactantes hospitalizados que non dispoñen de leite da súa nai, é responsable da promoción e apoio á lactación materna no marco da “Iniciativa para a Humanización da Asistencia ao




Nacemento e Lactación” (IHAN), polo que se habilitou unha consulta específica, da que se ocupan a matrona e especialistas en obstetricia e en pediatría, ofrece talleres de lactación para quen acaba de dar a luz e organízanse talleres para formar a persoal dos centros da sanidade pública que estean en contacto con lactantes e coas súas nais, para ter un mesmo discurso e poder solucionar ben as dúbidas e inquietudes sobre o tema.

ACOLLEMENTO TEMPORAL. Convenio de colaboración entre Fundación de Estudos e Análises (FESAN) e a Xerencia da Área Sanitaria de Santiago para atender ás persoas doentes que non poden volver aos seus domicilios despois de ser dados de alta, unha acción que se enmarca dentro da súa aposta pola mellora da atención e coidado á persoa doente crónica. A través deste acordo, promovido polo Servizo de Traballo Social da Subdirección de Calidade e Atención ao Doente da Área Sanitaria, trátase de lles dar acollida ás persoas doentes que teñen limitada a súa autonomía, ben pola súa nova situación clínica, ben pola falta de habitabilidade da súa vivenda, escaseza de recursos ou ausencia de persoas que as poidan atender. Así, as persoas doentes da área sanitaria contan cunha resposta máis inmediata, eficaz e solidaria ás súas necesidades puntuais de ingreso intermedio ata que teñan acceso a unha praza pública residencial ou poidan regresar ao seu domicilio.




CAMPAÑAS DE CONCIENCIACIÓN. Como a xornada «Lipid Day» que promove a Fundación Española do Corazón e céntrase no bo control do colesterol co lema «controlar el colesterol está en tus manos», o Día Internacional do Neno con Cancro en colaboración con Asanog, con mesas informativas e actividades lúdicas, ou o Día Mundial sen tabaco, en colaboración coa asociación Renacer, o Día do neno hospitalizado, con lanzamento masivo de bicos, e o Día Mundial de hixiene de mans no Hospital do Barbanza.



PROTOCOLO DE ACTUACIÓN EN CASOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO. Reunións de violencia de xénero con Servizos Sociais, traballadoras sociais, Dirección do centro de información á muller do Concello, psicólogas, Supervisora urxencias e Xerencia, co propósito de crear un protocolo de actuación e seguimento se se sospeita dalgún caso.

PROXECTO “O QUE NUNCA...” COA ONCE. Apertura do Hospital Clínico a pacientes da Organización ONCE, dentro do proxecto “O que nunca”, cuxo obxectivo é que rapaces con discapacidade visual poidan familiarizarse con diversos ambientes en principio pouco amables ou hostís, e que a experiencia axude a diminuír a súa ansiedade. Así 30 rapaces, con idades comprendidas entre os 12 e 18 anos, visitaron o Hospital Clínico e puideron coñecer e familiarizarse con algunhas das situacións e probas máis comúns que se realizan nos centros



sanitarios. Así durante todo o día recibiron explicacións sobre como é o proceso de hospitalización, desde os pasos administrativos, as funcións do persoal e o porqué dalgunhas destas tarefas. Así mesmo puideron experimentar con calma o que se sente cando te fan un electrocardiograma ou cando te toman a tensión, coñecendo a tecnoloxía e tocándoa eles mesmos. Tamén visitaron a aula hospitalaria de Pediatría (onde desfrutaron dun concerto de percusión) así como a zona de Radioloxía, onde dedicaron o tempo que precisaron para coñecer as súas instalacións e que se sente, adaptándose pouco a pouco, cando te realizan unha proba radiolóxica.

TALLERES EN COLEXIOS. Talleres impartidos a escolares sobre temas de educación para a saúde.

VIVENDA TEMPORAL PARA PAIS DE PERSOAS MENORES DE IDADE INGRESADAS. “Las Casitas”, proxecto impulsado pola Fundación Andrea que está en servizo desde o ano 2008, están situadas a uns douscentos metros do Hospital Clínico de Santiago, perfectamente equipadas, e suman un total de 20 camas que están a disposición dos pais os 365 días do ano. Como centro de referencia de enfermidades pediátricas, o CHUS recibe a familias desprazadas desde outras provincias para ingresos que en moitas ocasións implican un longo período de hospitalización, polo que se lles ofrece unha destas vivendas durante todo o tempo que dura o ingreso dos seus fillos, garantindo o seu descanso, aseo e manutención nunha contorna acolledora o máis parecido posible a un fogar.